<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza con propiedade algúns dos materiais e procedementos requeridos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.- 7, 8 e 9. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Obsevação diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mantén, polo xeral, o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades case sempre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.- 7, 8 e 9. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Obsevação diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA1.B1.3.2. Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respecta o traballo propio e alleo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.- 7, 8 e 9. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Obsevação diaria.

TEMPORALIZACIÓN: 3ª avaliación

DEBUXO ARTÍSTICO

2º Bach.

BLOQUE 1: A FORMA E O ESPACIO.

Obx.	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Percepción e descrición obxectiva da forma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Desenvolve a destreza debuxística con distintos niveis de iconicidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Modelo analítico e modelo sintético. ▪ B1.3. Retentiva e memoria visual. Consideracións mnemotécnicas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo. ▪ B3.2. Representación da forma con fins expresivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Representar graficamente con diferentes niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b, ▪ n, ▪ d, ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Técnicas secas máis comúns e a súa aplicación no proceso creativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d, ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Actitude creativa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

CONCRECIÓNS PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Estándar de aprendizaxe	C.Clave	Grao mínimo de consecución	Grupo de actividades	Instrumentos para a avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, ornamentais ou subxectivas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpreta formas utilizando diferentes técnicas gráficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Grupo de actividades-1: Debuxamos do natural utilizando diversos métodos de debuxo e distintas técnicas gráficas formas artificiais e naturais con funcións comunicativas variadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Sabe discriminar a estrutura e as características esenciais dunha forma á hora de debuxala. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B3.1.3. Representa os obxectos illados ou nun contorno coñecendo os aspectos estruturais da forma, a posición e o tamaño dos seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Relaciona correctamente a posición e o tamaño dunhas formas respecto a outras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.-2: debuxamos formas, tanto do natural como de memoria, atendendo á súa posición e relacións espaciais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Representa formas esenciais de fronte, de perfil, en escorzo, etc. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Representa espazos naturais e artificiais respectando as convencións da perspectiva visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.-3: Debuxamos espacios, tanto reais como inventados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coñece ferramentas TIC aplicables ao debuxo artístico. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa activamente en postas en común de proxectos individuais e colectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.-: 1, 2 e 3. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mantén, polo xeral, o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 		

TEMPORALIZACIÓN: 1ª avaliación

BLOQUE 2: O CORPO HUMANO COMO MODELO

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Nocións básicas de anatomía artística. ▪ B4.3. Estudo e representación do movemento da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Representar a figura humana e o seu contorno, identificando as relacións de proporcionalidade entre o conxunto e as súas partes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Antropometría. Relacións da figura humana co espazo arquitectónico e co contorno natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento e a expresividade da figura humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Actitude creativa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Aposar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

CONCRECIÓNS PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Estándar de aprendizaxe	C.Clave	Grao mínimo de consecución	Grupo de actividades	Instrumentos para a avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analiza, mediante a observación do natural e de fotografías e obras artísticas, a figura humana como elemento expresivo fundamental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.-4: debuxamos a figura humana, partindo da observación do natural, de fotografías, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mantén relacións básicas de proporcionalidade na representación da figura humana. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.2.1. Representa a figura humana atendendo á expresión global das formas que a compoñen e á articulación e a orientación da estrutura que a define. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aposa e aplica nas súas creacións plásticas certo coñecemento básico da anatomía humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.-5: estudamos a figura humana dende o punto de vista da súa estructura anatómica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ É capaz de representar e captar o movemento da figura humana. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos coa figura humana como suxeito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.-6: experimentamos con novas técnicas e materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza con propiedade algún dos novos materiais e procedementos estudados. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa activamente en proxectos deseñados e realizados en común con outras materias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.-4, 5 e 6. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ . Mantén, polo xeral, o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. 		

TEMPORALIZACIÓN: 2ª avaliación

BLOQUE 3: A EXPRESIÓN DA SUBXECTIVIDADE

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. Clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Psicoloxía da forma e a composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que rexen a intención expresiva das creacións plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g ▪ p 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comportamento e interrelación das formas tridimensionais no espazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Valor expresivo da luz e da cor. ▪ B2.4. Ruptura da tradición figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ i ▪ m ▪ n ▪ d ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.2. Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CCL

CONCRECIÓNS PARA OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Estándar de aprendizaxe	C.Clave	Grao mínimo de consecución	Grupo de actividades	Instrumentos para a avaliación
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Representa correctamente formas básicas previamente analizadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.-7: representamos formas utilizando a memoria e a retentiva visual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Adapta a representación das formas á función expresiva que se procura. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.2.1. Expressa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Atopa o xeito de expresar sentimentos e valores subxectivos nas súas obras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.-8: experimentamos e buscamos formas de expresar a nosa subxectividade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Analiza, coñece e valora obras de arte contemporaneas. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.2. Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Propón solucións plásticas persoais e creativas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.-9: investigamos con novas técnicas e materiais na procura dun linguaxe persoal e estilo propio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CCEC ▪ CCL 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza con propiedade algún dos novos materiais e procedementos estudados. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa nas actividades e nos contactos con artistas organizados polo departamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ G.A.-7, 8 e 9. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación diaria

TEMPORALIZACIÓN: 3ª avaliación

AVALIACIÓN,
CUALIFICACIÓN
E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Diferenciaremos tres momentos e modos de avaliación de entre as que se realizarán ao longo do curso:

AVALIACIÓN INICIAL

O proceso de calificación das actividades proxectadas desenvólvese dende o mesmo comenzo de curso. Por esta causa non consideramos necesario o deseño dunha proba inicial especial. A propia primeira actividade de cada curso pode servir perfectamente para calibrar o nivel de destrezas e adquisición de contidos básicos que o alumno teña levado a cabo nos cursos anteriores.

Os resultados da mesma, especialmente nos casos nos que se detecten dificultades máis importantes, serán comunicados o titor/a dos alumnos , ben a través da sesión de Preavaliación que acostuma realizarse no mes de Outubro ben a través de informes verbais ou escritos.

Ao ser, polo tanto, esta proba inicial, unha tarefa máis do conxunto de actividades que se desenvolven ao longo do curso, terá a mesma consideración e peso sobre a cualificación final que calquera outra delas.

AVALIACIÓN ORDINARIA:

O modelo de avaliación ordinaria durante o curso será o de avaliación continua e sistémica, fruto tanto da observación diaria do desenvolvemento na realización das tarefas propostas como da valoración do grao de consecución de obxectivos conquistados na realización de probas específicas.

Pero, sendo o aprendizaxe do Debuxo Artístico unha tarefa eminentemente práctica, vai ser a observación diaria e sistemática do grao de consecución dos estándares relacionados con as sucesivas actividades programadas, o instrumento central á hora de avaliar ao alumnado. Realízase, así, un seguimento individualizado de cada alumno mediante a corrección comentada y personalizada dos traballos de clase de forma diaria.

As probas escritas reservaránse para momentos puntuais e valorar o aproveitamento de visitas a exposicións, lecturas, visionado de material filmográfico, etc. Estas probas tendrán un valor máximo do 10 % ao igual os aspectos actitudinais: presenza significativa no aula, puntualidade na entrega de traballos, ausencia de material, mal uso dos materiais comúns, etc.,etc.

Recollemos na seguinte táboa os procedementos xunto coa frecuencia (temporalización) con que deberán ser utilizados:

<u>PROCEDEMENTOS</u>	<u>TEMPORALIZACIÓN</u>
-Observación sistemática Capacidade de traballo e actitude.	diaria.
-Análise das producións dos alumnos Traballos de aplicación.	diaria.
-Corrección de probas específicas. Probas escritas sobre actividades realizadas.	Sin periodo fixo.

Os porcentaxes máximos que poden supor cada un destes instrumentos de avaliación serán os seguintes:

-Traballo diario no aula	10%
-Traballos de aplicación	90%
-Probas escritas	10%

Criterios de avaliación:

1.-Capacidade de adquisición de novos conceptos no proceso de aprendizaxe:

- Limitase a recoller información, sen ordeala nin estruturala.
- Ordea a información, sin ser quen de abstraer conceptos xerais aplicables a outros casos.
- Emite hipóteses axeitadas, relaciona e saca conclusións propias. Comprende, comproba y extrae conceptos para utilízalos noutros casos.

2.-Creatividade desenvolvida nas súas producións:

- Non ten capacidade para reproducir solucións similares ao problema proposto.
- Reproduce solucións similares sen aportacións propias.
- Integra de cotío recursos propios a modelos establecidos. Conquire un estilo persoal.

3.-Corrección na expresión plástica das súas producións:

- Despreocupación no trato e uso de útiles e soportes. Mala presentación dos traballos.

- Coidado na presentación, tendo en conta conceptos como precisión e limpeza.
- Precisión en trazados, boa composición nos traballos. Elección da técnica axeitada.

4.-Capacidade de traballo:

- Non ten hábito de traballo.
- Traballa, pero sen método.
- Utiliza métodos de traballo axeitados, presentando as tarefas nos prazos marcados.
- Presenta máis solucións que a pedida.

Tamén, e en consoancia coas directrices sinaladas polo Plan Lector do centro, e habida conta da escasa linguaxe escrita que os alumnos deben plasmar nas tarefas da nosa materia, decidiuse en reunión de departamento rexeitar calquer traballo no que aparezan erros ortográficos ou gramaticais graves, devolvendo inmediatamente ditos traballos para a súa corrección ou, se fose o caso, repetición.

Elaboración da nota media.

Posteriormente, e para a cualificación de cada unha das avaliacións do curso, realizarase a media aritmética simple das puntuacións obtidas en cada unha das actividades realizadas no trimestre.

Igoalmente para obter a calificación final de cada alumno, realizarase a media aritmética simple das puntuacións obtidas en cada unha das actividades realizadas durante o curso.

O alumno podera, en calquera caso, repetir calquera das actividades xa realizadas a obxecto de subir a calificación obtida na mesma.

Recuperación de avaliacións suspensas:

Do mesmo xeito e dado o carácter continuo da avaliación da nosa área, non se realizarán probas ou tarefas específicas para a recuperación dunha avaliación. Enténdese, así, que a cualificación de cada unha de elas, comprende tamén as das anteriores. Os alumnos poderán, iso si, presenta-los traballos que lles poidesen quedar pendentes das avaliacións suspensas, se é o caso, ou mellorar, repetir ou completar aqueles outros que máis deficiencias presentasen no seu día.

En todo caso, e aínda contando con algunha avaliación suspensa, se na media final final de todas as actividades, o alumno obtivese unha calificación superior a cinco, consideraráselle superada a materia sen necesidade de realizar ningunha proba ou actividade adicional.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

Para a realización da avaliación extraordinaria establécense dous modelos entre os se escollerá atendendo á situación persoal de cada alumno:

1.-No caso máis habitual, o de alumnos con bó número de actividades non realizadas ou completadas durante o curso, será suficiente coa presentación dos produtos finais desas actividades para a súa posterior avaliación.

2.-No caso de alumnos con circunstancias personais especiais, como por exemplo aqueles que se incorporaron ao curso con este xa avanzado, ou que non por cuestións médicas non puideron asistir ao mesmo durante largos periodos de tempo, deseñárase unha proba práctica que posibilite a valoración do seu grao de consecución dos estándares máis representativos do curso.

ANEXO:

ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN
Á SITUACIÓN
CREADA
POLA COVID-19

A situación pandémica provocada pola COVID-19 fai imprescindible establecer adaptacións no marco da organización do currículo, da metodoloxía didáctica, das organizacións dos espazos e dos agrupamento de alumnos nas materias propias do departamento.

Agora ben, a imprevisibilidade da evolución da propia pandemia, e os conseguintes posibles escenarios que se poden presentar durante os vindeiros meses levannos, máis que a definir cambios pechados na presente programación, a indicar distintas alternativas que podan adaptarse a eses distintos escenarios.

En concreto, aqueles aspectos que creemos que poden ser necesarias esas adaptacións serían:

1-Avaliación inicial.

No deseño das probas de avaliación inicial prestarase especial atención á detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas nos cursos 2019/2020 e 2020/2021 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

Así, por exemplo, en 4º ESO, a tarefa inicial incluírá a observación do manexo dos instrumentos de precisión e dos trazados máis básicos do debuxo técnico. De igual modo, en Debuxo Artístico-II, conterà a aplicación e manexo de técnicas húmidas na aplicación da cor, aspectos nos que se ía profundizar no terceiro trimestre do curso pasado, e que se deberon desenvolver de xeito telemático.

Nos cursos 1º e 3º da ESO, así como no 1º de bacharelato, ao non ter cursado os alumnos a mesma materia que no presente curso, o análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior semellan ser a mellor forma de detectar posibles carencias.

2-Aspectos curriculares de reforzo ou apoio das aprendizaxes afectadas pola situación do terceiro trimestre do pasado curso.

Tal e como recolle a *Memoria do Departamento do curso 2019-2020*, de data 09 de Xullo, “as principais modificacións realizadas na programación efectuáronse non tanto en relación aos contidos como á metodoloxía e organización das clases que pasaron, de un día para outro, de presenciais a telemáticas e a contidos que, do mesmo xeito, pasaron de ser a non ser avaliábles. A continuación detállanse os bloques de contidos que, en cada curso e materia, se viron afectados por esta situación:

1º ESO, Ed. Plástica:

- Elementos expresivos: luz, cor e texturas.
- Comunicación audiovisual.

3º ESO, Ed. Plástica:

- A linguaxe visual.
- Comunicación audiovisual.

4º ESO, Ed. Plástica:

- O deseño industrial.
- O deseño do espacio.

1º BAC., Debuxo Artístico:

- A cor.

1º BAC., Debuxo Técnico:

- Tanxencias e enlaces.

2º BAC., Debuxo Artístico:

- A expresión da subxectividade”.

Á vista do referido, e unha vez analizada mediante as avaliacións iniciais a adquisición real por parte do alumnado dos estándares correspondentes aos bloques de contidos citados, semella que a principal modificación que debería recoller a programación do curso 2021-2022 sería a destinada a reforzar a adquisición de aqueles cuia consecución non sexa apreciable na maioría dos alumnos.

Á espera dos resultados que as citadas probas iniciais arroxen, seméllanos convinte, de entrada, contemplar a posibilidade de realizar cambios na temporalización dos bloques de contidos para reforzar aqueles que se viron afectados pola situación de confinamento. Así, por exemplo:

-En 4º ESO aumentaríamos o tempo adicado aos bloques 1-A LINGUAXE VISUAL, e 4-A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, que foron os afectados en 3º ESO.

-En Debuxo Artístico-II, incluíríamos aspectos do bloque 3-A COR de Debuxo Artístico-I durante o desenvolvemento dos dous primeiros bloques 1-A FORMA E O ESPACIO e 2-O CORPO HUMANO.

-En Debuxo Técnico-II ampliaríamos o tempo adicado ao bloque 1-TRAZADOS XEOMÉTRICOS, para reforzar o estudo das tanxencias e os enlaces que se viu afectado no curso pasado pola suspensión das clases presenciais.

3-Aspectos metodolóxicos e curriculares potencialmente afectados pola presente situación epidemiolóxica.

A actual situación provocada pola COVID-19 vai provocar (de feito, está xa provocando) certos cambios nalgúns aspectos organizativos e metodolóxicos. A esperanza nunha posible recuperación da normalidade fainos non recollele aínda na programación máis que como solucións alternativas. En concreto, estes aspectos farían referencia a:

a) A organización do espazo.

Neste curso, e de xeito excepcional, os grupos completos de 3º ESO non van acudir ao aula de debuxo, senón que van permanecer -por razóns sanitarias- no seu propio aula. Isto impedirá a utilización de certos recursos e materiais propios do departamento. Por exemplo, a dotación de canalización de auga imprescindible para a práctica de técnicas pictóricas húmidas. Igoalmente, a imposibilidade de contar no seu propio aula con superficies (tableiros) con que protexer as mesas e poder utilizar instrumentos de corte e materiais adhesivos, complica o desenvolvemento de tarefas basadas no “collage” de formas ou volumes. Polo tanto, e de forma preventiva, non se lles vai encargar a adquisición de ditos materiais (témperas, cartulinas,...) ata comprobar o desenvolvemento da situación. Os traballos e proxectos nos que estaba recollida a utilización de estes materiais, serán, chegado o momento, substituídos por outros similares nos que se utilicen técnicas menos complexas.

b) Agrupamentos de alumnos.

Polo que toca aos grupos das materias optativas (Plástica de 4º ESO, Debuxos Artístico e Técnico de 1º e 2º de Bach.), ao ser xa grupos formados por alumnado de distintos cursos, si van vir ao aula de Debuxo. Esta, sin embargo, está disposta de xeito moi distinto ao habitual: 28 mesas individuais colocadas á distancia preceptiva de 1,5 m entre elas con un documento en cada unha de elas no que consta que alumno/a a utiliza en cada materia. Ademáis, haberá normas organizativas adaptadas á nova situación: as fiestras permanecerán abertas un mínimo de 15 minutos entre clase e clase e as mesas serán desinfectadas en cada cambio de grupo. Calquera prestamo de material entre o alumnado ou uso de material común do aula queda absolutamente prohibido.

Estas medidas van afectar, loxicamente, ao desenvolvemento das clases en maior ou menor medida. Concretamente, os bolques de contidos máis afectados poden ser aqueles nos que se tiñan deseñadas actividades de traballo en equipo, sinaladamente os bloques de comunicación audiovisual de 3º e 4º curso da ESO. Toda vez que estes bloques están proxectados para o final do 2º ou o 3º trimestre, convimos en deixar as actividades tal e como foron proxectadas, en previsión de que poda producirse unha volta á normalidade máis ou menos definitiva. De non ser así, as actividades programadas para estes bloques serán substituídas por outras similares pero para ser realizadas de xeito individual ou con colaboración exclusivamente telemática.

c) Actividades complementarias e extraescolares.

Moitas das actividades tanto complementarias como extraescolares que ven desenvolvendo o departamento nos últimos anos vanse ver probablemente dificultadas pola situación creada pola pandemia. A limitación de aforos, os protocolos que prohiben xuntar a máis dun grupo, etc... van complicar a organización de saídas, visitas a exposicións, festivais, etc, así como a participación en proxectos interdisciplinares dentro do mesmo centro, en horarios e espazos distintos aos habituais.

4-Posibles adaptacións metodolóxicas e dos criterios e instrumentos de avaliación de producirse a necesidade de acollerse ao ensino non presencial.

A posibilidade de que se produza a necesidade de alternar determinados períodos de docencia presencial con outros de docencia non presencial durante o proximo curso 2020/2021, obríganos a elaborar distintas adaptacións da programación contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria.

1. Actividade lectiva presencial.

Neste primeiro suposto aplicarase a presente programación cos cambios xa expostos neste Anexo.

2. Actividade lectiva non presencial.

No caso de que a evolución da pandemia conduza a un confinamento xeralizado e prolongado no tempo tal e como o acontecido no terceiro trimestre do curso pasado, adoptaranse as seguintes adaptacións metodolóxicas e avaliativas:

Metodoloxía

O feito de que as materias do Departamento, tanto a Educación Plástica como o Debuxo Artístico, e, en boa medida, o Debuxo Técnico, sexan materias eminentemente prácticas que conxugan a adquisición de destrezas coa de contidos, fai que non sexa necesario contemplar tanto grandes cambios curriculares no caso dese confinamento prolongado, como adaptacións nas canles de transmisión de coñecementos.

Loxicamente, esas canles serán preferentemente os recursos dixitais e as distintas actividades que articulan a presente programación serán modificadas, de ser o caso, para poder ser prantexadas, desenvolvidas e avaliadas utilizando tales recursos.

Concretamente, as canles de comunicación co alumnado serán os cursos **Edixgal** para 1º e 3º da ESO e os creados na **Aula Virtual** do centro para o resto dos cursos. Será a través deles por onde, de forma preferente, se producirá:

-A presentación das actividades mediante recursos en rede, facendo chegar a información necesaria para a súa realización achegando o tipo de recursos necesarios: textos, imaxes, enlaces, clases telemáticas, etc.

-O seguimento en liña da realización das mesmas por parte do alumnado.

-A resolución das dúbidas que se lles poidan prantexar aos alumnos, a través da mensaxería de ditas plataformas.

-O envío por parte do alumnado das súas producións para a súa posterior valoración.

-A recepción e avaliación das mesmas, así como a comunicación desta, e das posibles formas de recuperación no caso de resultar unha avaliación negativa.

Ademáis, estas canles de comunicación (Edixgal e Aula Virtual) se complementarán con outras como o correo electrónico (máis adecuado á transmisión de certos formatos como por exemplo o audiovisual), a canle de Youtube do Departamento onde xa aparecen recursos como videotutoriais ou mostras de traballos, e o Espazo Abalar para a comunicación cos pais/nais -sinaladamente no caso de alumnos que non realicen as tarefas e nos alumnos con avaliacións que recuperar-.

Esta metodoloxía contempla sempre a conectividade do noso alumnado, por canto se viu fornecendo de portátiles e conexións, procedentes do noso centro, da Consellería e tamén do propio concello do Porriño a aqueles casos nos que se observou que non dispuñan de medios técnicos. Pero aínda así, e para garantir que estas canles telemáticas resulten válidas chegado o caso, e poidan ser utilizadas convenientemente como medio de comunicación eficaz en ámbolos sentidos (profesorado-alumnado e alumnado-profesorado) estanse a realizar neste comezo de curso nas materias do departamento distintas probas tanto na transmisión de información como no envío e recepción de traballos a través delas, procurando detectar e prestar especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, .

Avaliación

Como queda dito, as estratexias e instrumentos de avaliación máis adecuados para a consecución dos obxectivos da materia non teñen porque sufrir grandes modificacións máis alá de aqueles que se basan na observación diaria e/ou necesariamente presencial (como os que valoran o procurar e achegar o material necesario ao aula, por exemplo).

As **modificacións**, polo tanto, van ter máis que ver coa especificidade do medio (telemático) a través do que se terán que presentar e avaliar os resultados das distintas actividades. Faranse, así, as modificacións necesarias, para adaptar as distintas tarefas a tal especificidade, de

forma que permitan facer un seguimento do desenvolvemento do alumnado, así como determinar o nivel competencial acadado finalmente.

Con tal motivo, revisarase o deseño de cada actividade en concreto así como o instrumento (rúbrica polo xeral) confeccionado para avaliála, para adecualala a esta nova modalidade de ensino.

Así, por exemplo, poderán substituírse algún dos estándares avaliábles que resulte máis complexo valorar non presencialmente (como o citado de achegar o material ou o que fai referencia a manter limpo e ordenado o lugar de traballo) por outros que si se poidan valorar de forma precisa telemáticamente (como, por exemplo, a puntualidade nas entregas, o rexistro de actividade no propio curso, a participación nas clases virtuais, etc). Igoalmente, poderá variarse a porcentaxe da nota total atribuída a cada estándar, de ser necesario. Por suposto, estas posibles modificacións na avaliación de cada actividade concreta deberá ser exposta no seu prantexamento inicial.

Os traballos recibidos serán cualificados dentro da mesma plataforma virtual. A **cualificación** obtida en cada actividade será comunicada, por tanto, de forma inmediata ao alumnado. Así mesmo, se lles comunicará de forma periódica cal é a nota media que terían en cada momento do curso, potenciando o proceso de avaliación continua.

De tódolos xeitos, o profesorado resérvase o dereito de, nunha hipotética superación da crise sanitaria, e posterior volta ao ensino presencial, solicitar presencial e fisicamente os traballos previamente enviados dixitalmente, para realizar as comprobacións necesarias e, de ser o caso, as modificacións pertinentes na avaliación.

Para rematar, o alumnado con avaliacións suspensas deberá enviar, para a súa **recuperación**, as tarefas cuia falta de entrega ou entrega deficiente constituíu, no seu momento, a causa de dita cualificación negativa.

3. Actividade lectiva semipresencial.

Neste suposto consideraremos a posibilidade de que algún alumno/a teña que permanecer confinado no seu fogar ben por ter sido contaxiado co virus da COVID-19, ben por ser contacto cercano dalgunha persoa contaxiada. Igoalmente, estimaremos a posibilidade de que algún grupo, algún curso ou incluso todo o alumnado sexa confinado durante periodos de tempo pouco prolongados e non definitivos.

De producirse algunha destas situacións, procurarase empregar as clases presenciais para realizar o prantexamento das actividades, achegar a información necesaria e aclarar as dúbidas que poidan xurdir. Igoalmente e, de ser posible, se manterá como preferente a recepción física dos traballos realizados (incluídos aqueles previamente enviados pola rede) para a súa posterior avaliación. Tamén se poderán adicar estas clases presenciais á realización de algunha proba que complemente a cualificación obtida polas achegas telemáticas.

O Porriño, a 27 de Outubro de 2021